

1.º Real decreto 110/1990, do 26 xaneiro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal que deben reunir as carnes frescas destinadas ao comercio intracomunitario e importadas de países terceiros.

2.º Real decreto 1066/1990, do 27 xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal que deben reunir os produtos cárnicos destinados ao comercio intracomunitario e os importados de países terceiros.

3.º Real decreto 746/2001, do 29 xuño, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude do disposto nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español os artigos 2, 4.2, 4.3, 5 e 8 da Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

9379 *REAL DECRETO 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción. («BOE» 127, do 29-5-2006.)*

A Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, despois de constatar o inxente esforzo realizado polos poderes públicos, Estado e comunidades autónomas, os axentes sociais, as empresas e os traballadores e demais

entidades dedicadas á prevención de riscos laborais desde a vixencia da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ben como que ese esforzo debía conducir á integración da prevención de riscos laborais en todos os niveis da empresa e a fomentar unha auténtica cultura da prevención, veu paliar os problemas e insuficiencias detectados na súa aplicación práctica e que se manifestan, en termos de accidentes de traballo, na subsistencia de índices de sinistralidade laboral indeseada.

Entre estes problemas detéctase unha deficiente incorporación do novo modelo de prevención e unha falta de integración da prevención na empresa, que se evidencia en moitas ocasións no cumprimento máis formal que eficiente da normativa.

A citada lei emprende un conxunto de medidas destinadas a superar tales problemas e insuficiencias, sobre a base das propostas acordadas o 30 de decembro de 2002 no marco do diálogo social, que posteriormente foron referendadas polo Pleno da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo do 29 de xaneiro de 2003.

Entre as distintas medidas que incorpora a Lei 54/2003, do 12 de decembro, dentro do obxectivo xeral de combater de xeito activo a sinistralidade laboral, inclúense as dirixidas a reforzar a necesidade de integrar a prevención dos riscos laborais nos sistemas de xestión da empresa, tales como a reforma dos artigos 14, 16, 23 e 31, nos cales se salienta o carácter instrumental da integración e o seu desenvolvemento a través da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais, se for o caso, co asesoramento e apoio dos servizos de prevención e contando cos axeitados instrumentos de participación dos traballadores e os seus representantes.

Outra das medidas incluídas na reforma, co mesmo obxectivo xeral, é a instauración da presenza de recursos preventivos do empresario, en determinados supostos e situacións de especial risco e perigosidade, como medida reservada a aqueles casos en que a experiencia acumulada evidencia a concentración de maior sinistralidade.

Finalmente, destacan as medidas incluídas para reforzar o control do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e combater o cumprimento meramente formal ou documental destas obrigas, establecéndose novas redaccións dos tipos infractores contidos no texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, precisando que as obrigas preventivas se deberán cumprir co alcance e contidos establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, e acomodándose a súa regulación aos novos perfís das obrigas dos distintos suxeitos responsables que se establecen coas modificacións da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

A efectividade dos tres tipos de medidas expostas queda condicionada ao seu desenvolvemento regulamentario, que culmina precisamente con este real decreto, após o desenvolvemento xa producido respecto doutras medidas incluídas na reforma, como as relacionadas coa coordinación de actividades empresariais e o reforzo e colaboración nas funcións de vixilancia da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Por outro lado, no Acordo do 30 de decembro de 2002, xunto ás medidas instrumentadas a través da Lei 54/2003, do 12 de decembro, entre as medidas normativas a promover para favorecer a integración da prevención de riscos laborais na empresa incluíase a modificación do capítulo V do Regulamento dos servizos de prevención para mellorar a eficacia do sistema preventivo a través de determinadas reformas nas auditorías de prevención, que precisen o alcance, a metodoloxía e o contido do informe sobre os resultados da auditoría e as obrigas para o empresario que derivan desta.

Pois ben, en razón do anteriormente exposto apróbase este real decreto, que consta de dous artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras. Nel abórdase a reforma do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, a un tempo que se adapta a ela, a través do seu artigo segundo, o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción, en materia de presenza de recursos preventivos.

En primeiro termo, procédese á adaptación da regulación contida no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, sobre a integración da actividade preventiva na empresa e o plan de prevención de riscos laborais, en desenvolvemento da nova redacción dos artigos 14. 2 e 16. 1 e 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, introducida pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, clarexando e salientando a necesidade de que a actividade preventiva no seo da empresa debe integrarse dentro do seu sistema xeral de xestión, precisándose o ámbito a que se estende a integración, e o instrumento que debe servir para isto, mediante a implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais.

A este respecto, co fin de reforzar a finalidade perseguida pola indicada reforma lexislativa, establécese o deber dos traballadores e os seus representantes de contribuíren á devandita integración e colaboraren na adopción e no cumprimento das medidas preventivas, para o cal se establecen medidas de reforzamento da participación a través da consulta acerca da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais, a avaliación de riscos, a planificación preventiva e a organización preventiva.

Por outra banda, procédese ao desenvolvemento das previsións da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, canto á natureza e contido mínimo do plan de prevención de riscos laborais.

E co mesmo obxectivo de precisar e asegurar unha auténtica integración da actividade preventiva no seo da empresa, abórdase a modificación dalgúns aspectos relacionados coas entidades especializadas que actúen como servizos de prevención, dando unha nova redacción ao artigo 19 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e modificando parcialmente a redacción do seu artigo 20.

En segundo termo, desenvólvese a presenza de recursos preventivos que regula o novo artigo 32 bis da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, mediante a introdución dun novo artigo 22 bis no Regulamento dos servizos de prevención, fundamentalmente para establecer as actividades ou procesos perigosos ou con riscos especiais que, como un dos supostos que determinan tal presenza, require de tal desenvolvemento. Para tal efecto, recóllese unha relación de actividades ou traballos en que estatisticamente se concentran os maiores índices de sinistralidade, o cal fundamenta, en definitiva, a obrigatoriedade da aplicación dunha medida de tal natureza, e isto sen prexuízo de que se estableza a aplicabilidade propia doutras regulamentacións que inclúen disposicións específicas para determinadas actividades, procesos, operacións, traballos, equipamentos ou produtos que se relacionan de modo non exhaustivo no novo artigo 22. 8 bis que se introduce no regulamento, e que se deben rexer pola dita regulamentación, que contén niveis de garantía que fan innecesario en tales casos o recurso á presenza regulada neste artigo.

En terceiro lugar, procédese a unha ampla reforma do capítulo V do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención relativo ás auditorías. A principal novidade da regulación é a relativa á auditoría externa, nos supostos de sistemas

de prevención con actividades preventivas desenvolvidas con recursos propios e alleos, ben como o desenvolvemento do concepto, o contido, a metodoloxía e os prazos de realización da auditoría. Tamén, como novidade, se precisa o momento de realización da primeira auditoría; acórtase nun ano o período para a repetición da auditoría, que pasa de cinco a catro anos, e redúcese a dous anos para as empresas con actividades do anexo I do regulamento.

Igualmente, régúlase a consulta cos traballadores e os seus representantes nesta materia, e precísase, ademais, o réxime de incompatibilidades. Finalmente, régúlanse por primeira vez as auditorías voluntarias, mediante a introdución dun novo artigo 33 bis no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

Por último, procédese ao desenvolvemento regulamentario das actividades perigosas para outros efectos, tanto para as obrigas substantivas de coordinación de actividades previstas no artigo 13 do Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, como para a aplicación da Lei de infraccións e sancións na orde social, respecto de determinadas infraccións tipificadas no artigo 13, números 7, 8. a) e 8. b), desa lei, todas elas de natureza claramente diferente entre si e respecto ás obrigas relativas á presenza de recursos preventivos, tanto canto ao seu distinto obxecto, coma canto ás súas diferentes consecuencias.

Por iso, despois de diferenciar a consideración de actividades perigosas, por unha parte, para os efectos de presenza de recursos preventivos e, por outra, para os efectos de coordinación de actividades empresariais, establécese a lóxica concordancia entre os tipos sancionadores correspondentes a cada unha desas obrigas substantivas. Non obstante, en relación cos tipos infractores sobre coordinación de actividades empresariais, aínda partindo da relación de actividades contida no anexo I do propio Regulamento dos servizos de prevención, establécese a consideración de actividade perigosa cando xunto a esas actividades conorra algunha das tres circunstancias que se especifican e que veñen fundamentar, en definitiva, unha cualificación dos incumprimentos de maior gravidade.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e oída a Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.*

O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 1. *Integración da actividade preventiva na empresa.*

1. A prevención de riscos laborais, como actuación a desenvolver no seo da empresa, deberase integrar no seu sistema xeral de xestión, comprendendo tanto o conxunto das actividades como todos os seus niveis xerárquicos, a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos labo-

rais cuxa estrutura e contido se determinan no artigo seguinte.

A integración da prevención no conxunto das actividades da empresa implica que se debe proxectar nos procesos técnicos, na organización do traballo e nas condicións en que este se preste.

A súa integración en todos os niveis xerárquicos da empresa implica a atribución a todos eles, e a asunción por estes, da obriga de incluír a prevención de riscos en calquera actividade que realicen ou ordenen e en todas as decisións que adopten.

2. Os traballadores e os seus representantes deberán contribuír á integración da prevención de riscos laborais na empresa e colaborar na adopción e o cumprimento das medidas preventivas a través da participación que se lles recoñece no capítulo V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

A participación a que se refire o parágrafo anterior inclúe a consulta acerca da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais da empresa, a avaliación dos riscos e a conseguinte planificación e organización preventiva, se for o caso, así como o acceso á documentación correspondente, nos termos sinalados nos artigos 33 e 36 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

3. A actividade preventiva da empresa desenvolverase a través dalgunha das modalidades previstas no capítulo III deste real decreto.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 2. *Plan de prevención de riscos laborais.*

1. O plan de prevención de riscos laborais é a ferramenta a través da cal se integra a actividade preventiva da empresa no seu sistema xeral de xestión e se establece a súa política de prevención de riscos laborais.

O plan de prevención de riscos laborais debe ser aprobado pola dirección da empresa, asumido por toda a súa estrutura organizativa, en particular por todos os seus niveis xerárquicos, e coñecido por todos os seus traballadores.

2. O plan de prevención de riscos laborais deberase reflectir nun documento que se conservará ao dispor da autoridade laboral, das autoridades sanitarias e dos representantes dos traballadores, e incluírá, coa amplitude axeitada á dimensión e características da empresa, os seguintes elementos:

a) A identificación da empresa, da súa actividade produtiva, o número e características dos centros de traballo e o número de traballadores e as súas características con relevancia na prevención de riscos laborais.

b) A estrutura organizativa da empresa, identificando as funcións e responsabilidades que asume cada un dos seus niveis xerárquicos e as respectivas vías de comunicación entre eles, en relación coa prevención de riscos laborais.

c) A organización da produción canto á identificación dos distintos procesos técnicos e as prácticas e os procedementos organizativos existentes na empresa, en relación coa prevención de riscos laborais.

d) A organización da prevención na empresa, indicando a modalidade preventiva elixida e os órganos de representación existentes.

e) A política, os obxectivos e as metas que en materia preventiva pretende alcanzar a empresa, así

como os recursos humanos, técnicos, materiais e económicos de que vai dispor para o efecto.

3. Os instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos laborais son a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva, que o empresario deberá realizar na forma que se determina no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e nos artigos seguintes da presente disposición».

Tres. O parágrafo primeiro do artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«Na documentación a que fan referencia as alíneas b) e c) do artigo 23. 1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberánse reflectir, para cada posto de traballo cuxa avaliación poña de manifesto a necesidade de tomar algunha medida preventiva, os seguintes datos:»

Catro. O número 2 do artigo 16 modifícase como segue:

«2. De conformidade co disposto no artigo 33. 1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os representantes dos traballadores deberán ser consultados polo empresario con carácter previo á adopción da decisión de concertar a actividade preventiva con un ou varios servizos de prevención alleos.

Por outro lado, de conformidade co disposto no artigo 39. 1. a) da indicada lei, os criterios que se terán en conta para a selección da entidade coa cal se vaia concertar o servizo, así como as características técnicas do concerto, debateranse e, se for o caso, acordaranse, no seo do Comité de Seguranza e Saúde da empresa.»

Cinco. O artigo 19 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 19. *Funcións das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención.*

1. As entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deberán estar en condicións de lle proporcionar á empresa o asesoramento e apoio que precise en relación coas actividades concertadas, correspondéndolle a responsabilidade da súa execución á propia empresa. O anterior enténdese sen prexuízo da responsabilidade directa que lles corresponda ás entidades especializadas no desenvolvemento e execución de actividades como a avaliación de riscos, a vixilancia da saúde ou outras concertadas.

2. As devanditas entidades especializadas deberán asumir directamente o desenvolvemento das funcións sinaladas no artigo 31. 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que concertasen e contribuír á efectividade da integración das actividades de prevención a elas encomendadas no conxunto de actividades da empresa e en todos os seus niveis xerárquicos, sen prexuízo de poderen subcontratar os servizos doutros profesionais ou entidades cando for necesario para a realización de actividades que requiran coñecementos especiais ou instalacións de gran complexidade.»

Seis. A alínea c) do número 1 do artigo 20 queda modificada do seguinte xeito:

«c) Aspectos da actividade preventiva a desenvolver na empresa, especificando actuacións concretas e os medios para levalas a cabo. Entre estas actuacións, o concerto incluírá obrigatoriamente a

valoración da efectividade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa a través da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais en relación coas actividades preventivas concertadas.»

Sete. O número 2 do artigo 21 queda redactado como segue:

«2. No acordo de constitución do servizo mancomunado, que se deberá adoptar despois de consulta a representantes legais de traballadores de cada unha das empresas afectadas nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberán constar expresamente as condicións mínimas en que tal servizo de prevención se debe desenvolver.

Por outro lado, de conformidade co disposto no artigo 39. 1. a) da indicada lei, as condicións en que este servizo de prevención se debe desenvolver deberánse debater e, se for o caso, ser acordadas, no seo de cada un dos comités de seguranza e saúde das empresas afectadas.»

Oito. Introdúcese un novo artigo 22 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. *Presenza dos recursos preventivos.*

1. De conformidade co artigo 32 bis da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a presenza no centro de traballo dos recursos preventivos, calquera que sexa a modalidade de organización deses recursos, será necesaria nos seguintes casos:

a) Cando os riscos se poidan ver agravados ou modificados, no desenvolvemento do proceso ou a actividade, pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolven sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo.

b) Cando se realicen as seguintes actividades ou procesos perigosos ou con riscos especiais:

1.º Traballos con riscos especialmente graves de caída desde altura, polas particulares características da actividade desenvolvida, os procedementos aplicados ou o ámbito do posto de traballo.

2.º Traballos con risco de sepultamento ou afundimento.

3.º Actividades en que se utilicen máquinas que carezan de declaración CE de conformidade por ser a súa data de comercialización anterior á exigencia de tal declaración con carácter obrigatorio, que sexan do mesmo tipo que aquelas para as cales a normativa sobre comercialización de máquinas require a intervención dun organismo notificado no procedemento de certificación, cando a protección do traballador non estea suficientemente garantida aínda téndose adoptado as medidas regulamentarias de aplicación.

4.º Traballos en espazos confinados. Para estes efectos, enténdese por espazo confinado o recinto con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, no cal se poden acumular contaminantes tóxicos ou inflamables ou pode haber unha atmosfera deficiente en oxíxeno, e que non estea concibido para a súa ocupación continuada polos traballadores.

5.º Traballos con risco de afogamento por inmersión, salvo o disposto no número 8. a) deste artigo, referido aos traballos en inmersión con equipamento subacuático.

c) Cando a necesidade da devandita presenza sexa requirida pola Inspección de Traballo e Seguri-

dade Social, se as circunstancias do caso así o exixiren debido ás condicións de traballo detectadas.

2. No caso a que se refire a alínea a) do número anterior, a avaliación de riscos laborais, xa sexa a inicial ou as sucesivas, identificará aqueles riscos que se poidan ver agravados ou modificados pola concorrencia de operacións sucesivas ou simultáneas.

Nos casos a que se refire a alínea b) do número anterior, a avaliación de riscos laborais identificará os traballos ou tarefas integrantes do posto de traballo ligados ás actividades ou aos procesos perigosos ou con riscos especiais.

En ambos os casos, a forma de levar a cabo a presenza dos recursos preventivos quedará determinada na planificación da actividade preventiva a que se refiren os artigos 8 e 9 deste real decreto.

No caso sinalado na alínea c) do número anterior, sen prexuízo do cumprimento do requirimento efectuado pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, o empresario procederá de xeito inmediato á revisión da avaliación de riscos laborais cando esta non considere as situacións de risco detectadas, así como á modificación da planificación da actividade preventiva cando esta non inclúa a necesidade da presenza dos recursos preventivos.

3. A presenza levaraa a cabo calquera das persoas previstas nos números 2 e 4 do artigo 32 bis da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, debendo o empresario facilitar aos seus traballadores os datos necesarios para permitir a identificación de tales persoas.

A localización no centro de traballo das persoas ás cales se asigne a presenza deberá permitirilles o cumprimento das súas funcións propias, debendo tratarse dunha localización segura que non supoña un factor adicional de risco, nin para tales persoas nin para os traballadores da empresa, debendo permanecer no centro de traballo durante o tempo en que se manteña a situación que determine a súa presenza.

4. A presenza é unha medida preventiva complementaria que ten como finalidade vixiar o cumprimento das actividades preventivas en relación cos riscos derivados da situación que determine a súa necesidade para conseguir un axeitado control deses riscos.

A vixilancia incluirá a comprobación da eficacia das actividades preventivas previstas na planificación, así como da adecuación de tales actividades aos riscos que se pretenden previr ou á aparición de riscos non previstos e derivados da situación que determina a necesidade da presenza dos recursos preventivos.

5. Cando, como resultado da vixilancia, se observe un deficiente cumprimento das actividades preventivas, as persoas ás cales se asigne a presenza:

a) Farán as indicacións necesarias para o correcto e inmediato cumprimento das actividades preventivas.

b) Deberán pór tales circunstancias en coñecemento do empresario para que este adopte as medidas necesarias para corrixir as deficiencias observadas se estas non foron aínda emendadas.

6. Cando, como resultado da vixilancia, se observe ausencia, insuficiencia ou falta de adecuación das medidas preventivas, as persoas ás cales se asigne a presenza deberán pór tales circunstancias en coñecemento do empresario, que procederá de xeito inmediato á adopción das medidas necesari-

rias para corrixir as deficiencias e á modificación da planificación da actividade preventiva e, cando for o caso, da avaliación de riscos laborais.

7. A presenza de recursos preventivos no centro de traballo poderá tamén ser utilizada polo empresario en casos distintos dos previstos no artigo 32 bis da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sempre que sexa compatible co cumprimento das súas funcións.

8. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das medidas previstas en disposicións preventivas específicas referidas a determinadas actividades, procesos, operacións, traballos, equipamentos ou produtos en que se aplicarán as devanditas disposicións nos seus propios termos, como é o caso, entre outros, das seguintes actividades ou traballos:

- a) Traballos en inmersión con equipamento subacuático.
- b) Traballos que impliquen a exposición a radiacións ionizantes.
- c) Traballos realizados en caixóns de aire comprimido.
- d) Traballos con risco de explosión pola presenza de atmosferas explosivas.
- e) Actividades onde se manipulan, transportan e utilizan explosivos, incluídos artigos pirotécnicos e outros obxectos ou instrumentos que conteñan explosivos.
- f) Traballos con riscos eléctricos.

9. Cando existan empresas concorrentes no centro de traballo que realicen as operacións concorrentes a que se refire o número 1. a) deste artigo, ou actividades ou procesos perigosos ou con riscos especiais, a que se refire o número 1. b) , a obriga de designar recursos preventivos para a súa presenza no centro de traballo recaerá sobre a empresa ou empresas que realicen as operacións ou actividades, e, neste caso e cando sexan varios os recursos preventivos, deberán colaborar entre si e co resto dos recursos preventivos e persoa ou persoas encargadas da coordinación das actividades preventivas do empresario titular ou principal do centro de traballo.

10. A aplicación do previsto neste artigo non exime o empresario do cumprimento das restantes obrigas que integran o seu deber de protección dos traballadores, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.»

Novo. O número 2 do artigo 29 queda redactado do seguinte xeito:

«2. As empresas que non tiveren concertado o servizo de prevención cunha entidade especializada deberán someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa.

Así mesmo, as empresas que desenvolvan as actividades preventivas con recursos propios e alleos deberán someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa nos termos previstos no artigo 31 bis deste real decreto.»

Dez. O artigo 30 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 30. *Concepto, contido, metodoloxía e prazo.*

1. A auditoría é un instrumento de xestión que persegue reflectir a imaxe fiel do sistema de preven-

ción de riscos laborais da empresa, valorando a súa eficacia e detectando as deficiencias que poidan dar lugar a incumprimentos da normativa vixente para permitir a adopción de decisións dirixidas ao seu perfeccionamento e mellora.

2. Para o cumprimento do sinalado no número anterior, a auditoría levará a cabo unha análise sistemática, documentada e obxectiva do sistema de prevención, que incluírá os seguintes elementos:

a) Comprobar como se realizou a avaliación inicial e periódica dos riscos, analizar os seus resultados e verificalos en caso de dúbida.

b) Comprobar que o tipo e planificación das actividades preventivas se axusta ao disposto na normativa xeral, así como á normativa sobre riscos específicos que sexa de aplicación, tendo en conta os resultados da avaliación.

c) Analizar a adecuación entre os procedementos e medios requiridos para realizar as actividades preventivas necesarias e os recursos de que dispón o empresario, propios ou concertados, tendo en conta, ademais, o modo en que están organizados ou coordinados, se for o caso.

d) En función de todo o anterior, valorar a integración da prevención no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta, mediante a implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais, e valorar a eficacia do sistema de prevención para previr, identificar, avaliar, corrixir e controlar os riscos laborais en todas as fases de actividade da empresa.

Para estes efectos ponderarase o grao de integración da prevención na dirección da empresa, nos cambios de equipamentos, produtos e organización da empresa, no mantemento de instalacións ou equipamentos e na supervisión de actividades potencialmente perigosas, entre outros aspectos.

3. A auditoría deberá ser realizada de acordo coas normas técnicas establecidas ou que se poidan establecer e tendo en conta a información recibida dos traballadores. Calquera que sexa o procedemento utilizado, a metodoloxía ou procedemento mínimo de referencia deberá incluír, polo menos:

a) Unha análise da documentación relativa ao plan de prevención de riscos laborais, á avaliación de riscos, á planificación da actividade preventiva e canta outra información sobre a organización e actividades da empresa sexa necesaria para o exercicio da actividade auditora.

b) Unha análise de campo dirixida a verificar que a documentación referida na alínea anterior reflicte con exactitude e precisión a realidade preventiva da empresa. Esta análise, que se poderá realizar aplicando técnicas de mostraxe cando sexa necesario, incluírá a visita aos postos de traballo.

c) Unha avaliación da adecuación do sistema de prevención da empresa á normativa de prevención de riscos laborais.

d) Unhas conclusións sobre a eficacia do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.

4. A primeira auditoría do sistema de prevención da empresa deberá levarse a cabo dentro dos doce meses seguintes ao momento en que se dispoña da planificación da actividade preventiva.

A auditoría deberá ser repetida cada catro anos, salvo cando se realicen actividades incluídas no anexo I deste real decreto, en que o prazo será de dous anos. En todo caso, deberase repetir cando así o requira a autoridade laboral, logo de informe de Inspección de Traballo e Seguridade Social e, cando

for o caso, de órganos técnicos en materia preventiva de comunidades autónomas, á vista de datos de sinistralidade ou de circunstancias que poñan de manifesto a necesidade de revisar os resultados da última auditoría.

5. De conformidade co previsto no artigo 18. 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá consultar os traballadores e permitir a súa participación na realización da auditoría segundo o disposto no capítulo V da citada lei.

En particular, o auditor deberá solicitar información dos representantes dos traballadores sobre os diferentes elementos que, segundo o número 3, constitúen o contido da auditoría.

Once. O artigo 31 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 31. *Informe de auditoría.*

1. Os resultados da auditoría deberán quedar reflectidos nun informe que a empresa auditada deberá manter ao dispor da autoridade laboral competente e dos representantes dos traballadores.

2. O informe de auditoría deberá reflectir os seguintes aspectos:

a) Identificación da persoa ou entidade auditora e do equipo auditor.

b) Identificación da empresa auditada.

c) Obxecto e alcance da auditoría.

d) Data de emisión do informe de auditoría.

e) Documentación que serviu de base para a auditoría, incluída a información recibida dos representantes dos traballadores, que se incorporará ao informe.

f) Descrición sintetizada da metodoloxía empregada para realizar a auditoría e, se for o caso, identificación das normas técnicas utilizadas.

g) Descrición dos distintos elementos auditados e resultado da auditoría en relación con cada un deles.

h) Conclusións sobre a eficacia do sistema de prevención e sobre o cumprimento polo empresario das obrigas establecidas na normativa de prevención de riscos laborais.

i) Sinatura do responsable da persoa ou entidade auditora.

3. O contido do informe de auditoría deberá reflectir fielmente a realidade verificada na empresa, estando prohibida toda alteración ou falseamento daquel.

4. A empresa adoptará as medidas necesarias para corrixir aquelas deficiencias que os resultados da auditoría puxesen de manifesto e que supoñan incumprimentos da normativa sobre prevención de riscos laborais.»

Doce. Introdúcese un novo artigo 31 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 31 bis. *Auditoría do sistema de prevención con actividades preventivas desenvolvidas con recursos propios e alleos.*

1. A auditoría do sistema de prevención das empresas que desenvolvan as actividades preventivas con recursos propios e alleos terá como obxecto as actividades preventivas desenvolvidas polo empresario con recursos propios e a súa integración no sistema xeral de xestión da empresa, tendo en conta a incidencia no devandito sistema da súa forma mixta de organización, así como o modo en que están coordinados os recursos propios e alleos no marco do plan de prevención de riscos laborais.

2. O contido, a metodoloxía e o informe da auditoría deberán adaptarse ao obxecto que se establece no número anterior.»

Trece. O número 2 do artigo 32 queda redactado do seguinte modo:

«2. As persoas físicas ou xurídicas que realicen a auditoría do sistema de prevención dunha empresa non poderán manter con esta vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, distintas ás propias da súa actuación como auditoras, que poidan afectar a súa independencia ou influír no resultado das súas actividades.

Do mesmo modo, tales persoas non poderán realizar para a mesma ou distinta empresa actividades de coordinación de actividades preventivas, nin actividades en calidade de entidade especializada para actuar como servizo de prevención, nin manter con estas últimas vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, con excepción das seguintes:

a) O concerto da persoa ou entidade auditora con un ou máis servizos de prevención alleos para a realización de actividades preventivas na súa propia empresa.

b) O contrato para realizar a auditoría do sistema de prevención dun empresario dedicado á actividade de servizo de prevención alleo.»

Catorce. Introdúcese un novo artigo 33 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 bis. *Auditorías voluntarias.*

1. Sen prexuízo do cumprimento do disposto neste capítulo, as empresas poderán someter con carácter voluntario o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa para permitir a adopción de decisións dirixidas ao seu perfeccionamento e mellora.

2. As auditorías voluntarias poderanse realizar naqueles casos en que a auditoría externa non sexa legalmente exixible ou cando, séndoo, se realicen cunha maior frecuencia ou cun alcance máis amplo que os establecidos neste capítulo.

3. As auditorías voluntarias do sistema de prevención realizadas polas empresas que se axusten ao establecido nos artigos 30, números 2, 3 e 5, 31, 31 bis, 32 e 33 deste real decreto serán tidas en conta nos programas a que se refire o artigo 5. 3 de Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.»

Quince. A alínea a) do número 1 do artigo 35 queda redactado do seguinte xeito:

« a) Promover os comportamentos seguros e a correcta utilización dos equipamentos de traballo e protección, e fomentar o interese e cooperación dos traballadores nunha acción preventiva integrada.»

Dezaseis. A alínea a) do número 1 do artigo 36 queda redactada do seguinte xeito:

«a) Promover, con carácter xeral, a prevención na empresa e a súa integración nela.»

Dezasete. A alínea a) do número 2 da disposición adicional primeira queda redactada do seguinte xeito:

«a) Os artigos que a seguir se relacionan constitúen normas básicas no sentido previsto no artigo 149. 1. 18.ª da Constitución: 1, salvo as referencias ao capítulo V e ao artigo 36, canto ao comité de seguranza e saúde, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e ao capítulo III

deste real decreto; 2; 3; 4, números 1, 2 e 3, salvo a referencia ao capítulo VI; 5; 6; 7; 8; 9; 10; 12, números 1 e 2, salvo a alínea a); 13, números 1, salvo a referencia ao capítulo VI, e 2; 15, números 1, 2 e parágrafo primeiro, 3 e 4; 16, número 2, salvo o segundo parágrafo; 20, artigo 22 bis, disposición adicional décima, disposición adicional décimo primeira, disposición adicional décimo segunda».

Dezaioito. Introdúcese unha nova disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Presenza de recursos preventivos nas obras de construción.*

No ámbito de aplicación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción, a presenza no centro de traballo dos recursos preventivos de cada contratista prevista na disposición adicional décima da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aplicarase nos termos establecidos na disposición adicional única do citado Real decreto 1627/1997».

Dezanove. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Actividades perigosas para os efectos de coordinación de actividades empresariais.*

Para os efectos do previsto no artigo 13. 1. a) do Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, considéranse actividades ou procesos perigosos ou con riscos especiais os incluídos no anexo I deste real decreto.»

Vinte. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Actividades perigosas para os efectos do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

1. Para efectos do previsto nos números 7 e 8. a) do artigo 13 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, considéranse actividades perigosas ou con riscos especiais as incluídas no anexo I deste real decreto, sempre que a súa realización concorra con algunha das seguintes situacións:

a) Unha especial dificultade para controlar as interaccións das diferentes actividades desenvolvidas no centro de traballo que poidan xerar riscos cualificados como graves ou moi graves.

b) Unha especial dificultade para evitar que se desenvolvan no centro de traballo, sucesiva ou simultaneamente, actividades incompatibles entre si desde a perspectiva da seguranza e a saúde dos traballadores.

c) Unha especial complexidade para a coordinación das actividades preventivas como consecuencia do número de empresas e traballadores concorrentes, do tipo de actividades desenvolvidas e das características do centro de traballo.

2. Para efectos do previsto no artigo 13. 8. b) da Lei de infraccións e sancións na orde social, considé-

ranse actividades perigosas ou con riscos especiais as incluídas no artigo 22 bis. 1. b) deste real decreto.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción.*

Introdúcese unha disposición adicional única no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Presenza de recursos preventivos en obras de construción.*

A presenza no centro de traballo dos recursos preventivos de cada contratista prevista na disposición adicional décima da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aplicarase ás obras de construción reguladas neste real decreto, coas seguintes especialidades:

a) O plan de seguranza e saúde determinará a forma de levar a cabo a presenza dos recursos preventivos.

b) Cando, como resultado da vixilancia, se observe un deficiente cumprimento das actividades preventivas, as persoas ás cales se asigne a presenza deberán dar as instrucións necesarias para o correcto e inmediato cumprimento das actividades preventivas e por tales circunstancias en coñecemento do empresario para que este adopte as medidas necesarias para corrixir as deficiencias observadas, se estas non foron aínda emendadas.

c) Cando, como resultado da vixilancia, se observe ausencia, insuficiencia ou falta de adecuación das medidas preventivas, as persoas ás cales se asigne esta función deberán por tales circunstancias en coñecemento do empresario, que procederá de xeito inmediato á adopción das medidas necesarias para corrixir as deficiencias e á modificación do plan de seguranza e saúde nos termos previstos no artigo 7. 4 deste real decreto.»

Disposición adicional única. *Guía técnica sobre a integración da prevención de riscos laborais na empresa.*

O Instituto Nacional de Seguranza e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no artigo 5. 3 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, elaborará e manterá actualizada unha guía técnica sobre a integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa.

Esta guía deberá proporcionar información orientativa que poida facilitarlle ao empresario o deseño, a implantación, a aplicación e o seguimento do plan de prevención de riscos laborais da empresa, en particular cando se trate de pequenas e medianas empresas e, dentro destas, as empresas de menos de seis traballadores que non desenvolvan actividades incluídas no anexo I do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde en Traballo, para ditar cantas disposicións sexan

necesarias para a aplicación de establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación ás administracións públicas.*

As modificacións introducidas neste real decreto adaptaranse ao ámbito das administracións públicas a través da normativa específica a que se refire a disposición adicional cuarta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, nas materias indicadas nesa disposición.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no número dous do artigo primeiro, que o fará aos tres meses da publicación.

Dado en Madrid o 19 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

9543 *REAL DECRETO 602/2006, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos de intercambio de información sobre morosidade. («BOE» 129, do 31-5-2006.)*

O artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, prohíbe, con carácter xeral, todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou en parte do mercado nacional.

No entanto, o artigo 3 da citada lei prevé que se poderán autorizar os acordos, decisións, recomendacións e prácticas ou categorías deles, a que se refire o artigo 1.1, que contribúan a mellorar a produción ou a comercialización de bens e servizos ou a promover o progreso técnico ou económico sempre que cumpran determinados requisitos ou ben se xustifiquen pola situación económica xeral e o interese público.

De acordo con isto, o artigo 5 da Lei de defensa da competencia habilita o Goberno para autorizar, mediante regras de exención, as categorías de acordos, decisións, recomendacións, prácticas concertadas ou conscientemente paralelas previstas no artigo 3 cando, entre outros motivos, teñan por obxecto ou efecto aumentar a racionalidade e competitividade das empresas, especialmente das pequenas e medianas.

Até o momento, os únicos regulamentos de exención que se viñeron aplicando no ámbito nacional foron os regulamentos de exención comunitarios, incorporados ao ordenamento interno a través do Real decreto 378/2003, do 28 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, en materia de exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa da competencia.

Consonte a normativa vixente mencionada e con obxecto de reducir as cargas administrativas que pesan

sobre as empresas solicitantes dunha autorización singular e de contribuír á maior eficacia da normativa de competencia, procede dítar este regulamento de exención en materia de intercambio de información sobre morosidade, con base na experiencia e xurisprudencia acumuladas desde a entrada en vigor da Lei de defensa da competencia e, en particular, nas numerosas resolucións ditadas polo Tribunal de Defensa da Competencia que teñen por obxecto a autorización singular da constitución e funcionamento dos rexistros de morosidade.

Foi doutrina consolidada do Tribunal de Defensa da Competencia que os rexistros de morosidade poden cumprir unha función de saneamento e clareamento do tráfico mercantil que contribúe á mellora da comercialización de bens e servizos, permitindo aos consumidores ou usuarios participar das vantaxes que deles derivan. De acordo co Tribunal, esta práctica pode reducir substancialmente o custo que a morosidade representa para as empresas e, se existe competencia entre elas, a redución de custos transmitírase aos consumidores finais en forma de prezos máis reducidos dos produtos ou servizos ofrecidos polas empresas. Por isto, non se debe presumir que a transmisión de beneficios será extensible ao consumidor cando a competencia no mercado estea máis reducida, como no caso dun excesivo grao de concentración, suposto en que se debe manter o réxime de autorización singular.

Por tanto, se existe competencia suficiente, os rexistros de morosidade nun mesmo mercado son susceptibles de autorización conforme o artigo 3.1 da Lei de defensa da competencia, sempre que as súas normas reguladoras aseguren unha serie de condicións que o Tribunal de Defensa da Competencia veu reiterando nas súas resolucións.

En todo caso, está prohibida a utilización polos usuarios da información do rexistro para acordar unha política comercial común fronte aos morosos, así como manipular os datos do rexistro e utilíalos para fins distintos dos declarados no regulamento, que non poderán ser contrarios ao prescrito na Lei de defensa da competencia.

O Tribunal de Defensa da Competencia e os órganos correspondentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán retirar os beneficios da exención a aqueles acordos que, a pesar de cumpriren as condicións deste regulamento, produzan efectos incompatibles cos supostos de autorización do artigo 3 da Lei de defensa da competencia.

Finalmente, o presente regulamento de exención non implica, en ningún caso, unha mingua dos dereitos e garantías establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, pois que vela, a un tempo, por eses dereitos dos particulares e pola efectiva realización da libre competencia no mercado, correspondendo, en todo caso, á Axencia de Protección de Datos a supervisión do cumprimento da mencionada lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento de exención será aplicable aos acordos de intercambio de información sobre morosidade sufrida polos oferentes nun mesmo mercado, con independencia de se xestionaren por unha asociación de empresas afectadas ou por unha empresa allea á actividade dos que intercambian a información.